



PLAN DIXITAL

CEIP Manuel Padín Truiteiro

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Denominación oficial:	Centro Público (CEIP), de Educación Infantil e Primaria Manuel Padín Truiteiro.
Enderezo:	Rúa Arcade de Arriba s/n
Localidade:	Arcade
Concello:	Soutomaior
Provincia:	Pontevedra
Código postal:	36690
Código do centro:	36025013
E-mail:	Ceip.manuelpadin.truiteiro@edu.xunta.gal
Páxina web:	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelpadintruiteiro/
Etapas educativas:	Infantil e Primaria
N.º de profesorado:	31 mestres e mestras e 1 orientadora
N.º de alumnado:	406 nenos e nenas

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Contexto socio-cultural:

O concello ofrece áreas de lecer como praias, o río, o castelo, área recreativa a carón do mar con pistas para actividades deportivas, paseos, parque infantil, un porto deportivo...

A nivel cultural, o concello ofrece os seguintes servizos de ocio e formación:

- Catro centros de ensino: o CEIP Manuel Padín Truiteiro, a EEI de Romariz e o IES Soutomaior de titularidade pública e o centro Santiago Apóstol, de titularidade privada en réxime de concerto.
- Unha Biblioteca Municipal, sita na localidade de Arcade.
- Un edificio Multiusos, para exposicións, concertos, teatro, charlas, etc., no que ten a súa sede a OMX.
- Unha Casa da Cultura na parroquia de Soutomaior.

Existen numerosas agrupacións e sociedades que completan o panorama cultural e deportivo do concello de Soutomaior.

Desde o concello ofrécense os seguintes servizos:

- Unha Oficina Municipal de Información Xuvenil (Omix).
- Un CIM que conta cunha avogada e unha psicóloga.
- Servizos sociais: unha traballadora social, programas de orientación, asesoramento e información, de axuda no fogar, de emerxencia social, de animación, prevención e cooperación social, de convivencia alternativa e de educación familiar.

Contexto económico:

O municipio de Soutomaior é fundamentalmente rural, pero a profesionalización exclusiva da agricultura é minoritaria, o que fai que a poboación activa compaxine a agricultura con outras actividades asalariadas.

No que se refire á economía local, ten relativa importancia a produción de uva albariña e os traballos realizados na enseada da ría de Vigo (naseiros, mariscadores/as de a pé e en barco).

O municipio tamén está provisto doutros servizos de ámbito local: comercios e hostalería. Dos tres sectores o máis desenvolto é o sector terciario. Porén non é suficiente para absorber toda a oferta de man de obra industrial, polo que parte da poboación desenvolve a súa actividade económica fóra do concello e volve a emigrar a outras comunidades autónomas e a outros países de Europa.

A taxa de paro do noso concello sitúase arredor dun 19,13%.

Segundo os datos das enquisas realizadas ás familias, o nivel socioeconómico do contorno do CEIP Manuel Padín Truiteiro considérase medio/baixo (nunha escala de baixo-medio-alto). Os maiores ingresos xorden do sector secundario dos concellos limítrofes que é onde están situadas as empresas nas que desenvolven o seu traballo (Porriño, Vigo,...). A isto hai que sumar pequenas pensións familiares dos maiores que viven na mesma casa, e tamén é de axuda o traballo para o autoconsumo de cultivos e cría dalgún animal, sobre todo nos barrios máis rurais.

Os/As nenos/as reciben unha atención sanitaria correcta na maioría dos casos, efectuándose revisións periódicas, vacinacións e acudindo ao doutor/a cando o precisan.

Moitas familias preocupáanse de mandar aos seus fillos/as a actividades extraescolares que oferta a ANPA, o concello, as asociacións, etc, onde imparten diferentes actividades.

No ámbito social, temos que destacar a presenza dun grupo de poboación inmigrante, en especial procedente de Marrocos, o que se reflicte nunha porcentaxe de alumnado desta procedencia no centro, aínda que tamén se atopan inmigrantes doutras nacionalidades.

O centro pretende contribuír a favorecer o desenvolvemento da zona na que está situado, así como a fomentar que o alumnado afonde no coñecemento e respecto do seu contorno natural, xeográfico, histórico e económico, así como no compromiso de conservalos e melloralos.

Para este efecto, establecemos en cada curso liñas de actuación e colaboración con outras institucións do concello: participación na repoboación dos nosos monte tan castigados polas vagas de lume que asolan o noso concello cada ano; en colaboración con asociación de montes, o concello e asociación de veciños.

Participación en diversos concursos (tarxetas de felicitación do Nadal, exposición anual da camelia), actividades de dinamización do comercio local (participación na decoración dos escaparates dos comercios durante as festas do Nadal), participación en charlas e conferencias

sobre a natureza do contorno e a súa conservación e participación en recitais de música e teatro ofrecidos polo concello.

Ademais, pretendemos actuacións con outras institucións, (charlas sobre seguridade cidadá, problemática social que afecta á xuventude...), Cruz Vermella (charlas sobre prevención de riscos e técnicas de salvamento...), centro de saúde (charlas ou concursos sobre hixiene e saúde bucal, alimentación, prevención de drogas...).

Contribución ao Proxecto Educativo do centro:

O Plan Dixital de Centro encaixará no contexto institucional máis amplo que ven recollido en outros documentos, como o Proyecto Educativo de Centro e ambos documentos estarán en consonancia e serán complementarios, para eso farase unha revisión do Proxecto Educativo a principio do próximo curso.

Na PXA deste curso contémplanse como obxectivos:

Potenciar a páxina web do centro e a aula virtual de maneira que sexa coherente co PEC e para que canalice e proxecte socialmente todas as iniciativas, actividades e información organizativa. Potenciar a formación na utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Relación con outros plans e proxectos do centro.

Plan de formación: dentro do plan dixital esta previsto realizar accións formativas en tecnoloxías dixitais axustadas ás necesidades do profesorado e tamén avaliar os nosos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.

Proxecto de centro en torno ao Castelo de Soutomaio: realización de traballos grupais e actividades creativas utilizando as tecnoloxías dixitais en todos os cursos.

Traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías: hai catro anos pasamos de ser CPI a ser CEIP dende entón creamos e actualizamos a páxina web do centro, así como diferentes blogs; utilizamos abalarmóbil; adaptamos a aula de informática e puxemos a funcionar a aula virtual potenciando o seu uso.

Contribución á PXA do curso 2022/23.

Na PXA do próximo curso incluírase o plan de acción do plan dixital. Tanto os obxectivos propostos para o curso como os responsables, indicadores e accións para acadar eses obxectivos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o

desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Organización:

- Constitución dun grupo de traballo e solicitude dunha actividade de formación dentro do PFPP do centro "Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital".
- Reunións periódicas, docencia e traballo persoal para a realización do PD seguindo as instrucións recibidas e co asesoramento do equipo ADIX.

Proceso de elaboración:

- Realización da enquisa SELFIE e do Test CDD.
- Análise dos resultados.
- Elaboración da análise DAFO.
- Elaboración do Plan de Acción, seleccionando os obxectivos prioritarios do centro a acadar e concreción de indicadores, valores e accións para acadar cada obxectivo.
- Elaboración do PD.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital:

O centro dispón de acceso a Internet por fibra óptica con conexión cableada a todas as aulas (menos unha que se conecta mediante wifi) e conta ademais coa rede wifi corporativa a cal se accede mediante contrasinal.

Equipamento:

Aulas ordinarias 21	8 con ordenador de mesa e 13 con portátil 9 con canón con pantalla e 13 con encerado dixital
Específicas 6	4 ordenadores de mesa 2 portátiles 4 con canón e pantalla e 2 con encerado dixital
Aula polivalente	1 ordenador de mesa con canón e pantalla
Xestión e administración	5 equipos para: dirección, xefatura de estudos, secretaría, conserxería e administración.
Biblioteca	2 ordenadores de mesa (un deles con canón e pantalla) para xestión e catálogo de libros 1 ordenador de mesa e 5 portátiles para consulta.
Sala de profesorado	3 ordenadores de mesa
Salón de actos	Portátil con canón e pantalla
Radio/TV escolar	1 ordenador de mesa
Aula de informática	1 ordenador de mesa con canón e pantalla para uso do profesorado 19 ordenadores de mesa para uso do alumnado
Equipos da aula de informática con posibilidade de desprazamento	3 portátiles (un deles para o vindeiro curso está previsto que pase ao laboratorio)
Equipos para alumnado en situación de fenda dixital	22 portátiles

Temos equipos moi antigos que necesitan ser renovados, pero xa o temos contemplado no plan de acción como un obxectivo a conseguir.

Servizos dixitais educativos:

Utilizamos a páxina web do centro, a aula virtual, o servizo de videoconferencia eduxunta WEBEX, abalarmóbil, correo electrónico e blogs.

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

A realización de labores de mantemento e reparación corre a cargo da empresa de informática que o centro ten contratada.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:
[Plan de continxencia](#)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	3.9				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.9				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	4.2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.2				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoi e Recursos	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.9				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.6				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	4.4				

Test CDD: Información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do Test CDD de centro. Tamén o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no Test CDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	21	85.7%
PROVISIONAL	2	3	66.7%
INTERINO	7	7	100%
SUBSTITUTO	3	4	75%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74.9	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	71	Integrador/a	68.2	Integrador/a
Pri	77	Integrador/a	77	Integrador/a

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	13	43,30%
B1	13	43,30%
B2	2	6,70%
C1	2	6,70%
C2		
TOTAL	30	0,00%

Outras fontes:

Participación do centro no programa *Educa en Dixital*.

Análise do resultado da enquisa feita ás familias onde se recolleron as necesidades das familias para poder acceder á educación telemática en caso de illamento.

Información do equipo directivo sobre a relación con outras entidades (concello) e a competencia dixital do persoal non docente (administrativa).

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Pregunta específica 4: O equipo directivo coñece a normativa relativa á adquisición de equipamento informático.	
	PERSOAL DOCENTE	E1: Busca de recursos dixitais en Internet	E3: Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe. F3: Fomento da creatividade do alumnado. F5: Uso das tecnoloxías para facilitar a colaboración do alumnado. G1-G3-G5-G7: Uso das tecnoloxías dixitais nas prácticas de avaliación. Pregunta específica 5: Coñecemento das vantaxes do software libre e uso de este tipo de ferramentas.
	PERSOAL NON DOCENTE	Contamos cunha administrativa coñecedora ao 100% do traballo cos medios tecnolóxicos.	
	ALUMNADO	H1-H3: No centro foméntase que o alumnado aprenda o comportamento responsable e seguro en Internet. Pregunta específica 1: O alumnado pode atopar a información que precisa na web do centro. Pregunta específica 2: O alumnado fai uso educativo da Aula Virtual.	Pregunta específica 4: Coñecemento das vantaxes do software libre e uso de este tipo de ferramentas.
	FAMILIAS	Pregunta específica 3: Uso de abalar móbil para recibir notificacións e posibilidade de xustificación de faltas ou pedir titorías.	Baixa competencia dixital das familias.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Pregunta específica 3: O centro promove a participación do profesorado en actividades formativas organizadas pola Admón Educativa para a actualización das competencias dixitais do profesorado.	B1: Avaliación dos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Programa educa en dixital	Pregunta específica 3: As modalidades de formación organizadas pola Administración educativa non se axustan ás necesidades formativas en competencia dixital. Conexión a internet pouco fiable ou lenta. Exceso de burocracia. Falta de tempo para poder usar as tecnoloxías e desenvolver proxectos e recursos para a aprendizaxe.
	LEXISLACIÓN		Cambios continuos na lexislación vixente.
	CONTORNA	Importancia do coñecemento dixital na vida cotiá Gran variedade de recursos na rede.	Acceso limitado do alumnado a unha conexión segura a internet.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Actitude colaboradora por parte do concello.	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para cada obxectivo cumpríméntase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Infraestrutura dixital:

Mellora da velocidade de internet xa que a que temos non é suficiente para un bo funcionamento en todo o centro.

Servizos dixitais educativos corporativos:

Asesoramento para mellorar a páxina web do centro.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área de mellora": Colaboración e redes (B)							
OBXECTIVO 1:	Realizar un cuestionario para avaliar os nosos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de participación do profesorado.						
Valor de partida	Non se coñece.						
Valor previsto e data	Participación do 90%.				31/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A1.1: Elaborar o cuestionario	Coordinadora TIC	21/12/2022	Equipo TIC, ordenador e acceso a internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A1.2: Completar o cuestionario	Coordinadora TIC	30/04/2023	Profesorado, ordenador e acceso a internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A1.3: Analizar os resultados	Coordinadora TIC	31/05/2023	Ordenador e acceso a internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Áreas de mellora": Infraestructuras e equipos (C)						
OBXECTIVO 2:	Substituír os equipos que vaian quedando obsoletos.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Tanto por cen de equipos que se repoñan.					
Valor de partida	Nº de equipos obsoletos a comezo de curso.					
Valor previsto e data	Reposición do 75% dos equipos obsoletos.			31/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A2.1: Identificar os equipos informáticos que están obsoletos (inventario)	Coordinadora TIC.	30/09/2022	Membros do equipo das TIC e tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A2.2: Establecer as necesidades prioritarias de modernización.	Equipo directivo.	30/09/2022	Tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A2.3: Adquirir equipos novos.	Equipo directivo.	30/06/2023	AMTEGA, orzamento e recursos económicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A2.4: Instalar e poñer en marcha o novo equipamento.	Empresa mantemento.	30/06/2023	Tempo e equipamento.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Áreas de mellora": Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 3:	Realizar accións formativas en tecnoloxías dixitais axustadas ás necesidades do profesorado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de mestras/es participantes.					
Valor de partida	Resultados do test CDD.					
Valor previsto e data	Participación de alomenos 10 mestres e mestras.			31/05/2023.		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A3.1: Recoller información sobre os intereses de formación do profesorado (enquisa)	Coordinadora TIC	30/09/2022.	Membros do equipo TIC e tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A3.2: Diseñar unha liña do PFPP relacionada coas tecnoloxías dixitais.	Coordinador/a do equipo de formación e CFR.	31/10/2022.	Fprofe, informe de necesidades, reunión coordinación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A3.3: Desenvolver as actividades do PFPP.	Coordinador/a do equipo de formación e CFR.	31/05/2023.	Fprofe, relatores/as, orzamento para material, calendario. Aula de informática con ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Áreas de mellora": Pedagogía: apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 4:	Ampliar o uso da Aula Virtual ao 1º ciclo de primaria.				Acadado	
RESPONSABLE:	Administradora da AV				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Aulas do 1º ciclo de primaria que empregan a Aula Virtual do centro.					
Valor de partida	Emprego da aula virtual como canle de comunicación docente coas familias					
Valor previsto e data	Emprego da AV polo 100% das aulas do 1º ciclo de primaria.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A4.1: Dar de alta na aula virtual a todas e todos os usuarios do 1º ciclo de primaria.	Administradora da AV.	08/09/2022	Ordenador, informe do XADE e tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A4.2: Organizar os cursos	Administradora da AV.	30/09/2022	Titores/as, cursos con titoriais existentes na nosa AV e asesoramento da administradora da AV.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A4.3: Realizar distintas actividades interactivas que permite a aula virtual.	Coordinador/a do 1º ciclo de primaria.	30/06/2023	Cursos con titoriais existentes na nosa AV e asesoramento da administradora da AV.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A4.4: Avaliar as tarefas na aula virtual	Coordinador/a do 1º ciclo de primaria.	30/06/2023	Cursos con titoriais existentes na nosa AV e asesoramento da administradora da AV.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Áreas de mellora": Pedagogía: implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 5:	Fomentar a creatividade do alumnado realizando actividades con tecnoloxías dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Actividades creativas realizadas					
Valor de partida	Non se coñece					
Valor previsto e data	Realizar tres actividades por aula (unha por trimestre)			22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A5.1: Realizar a 1ª actividade.	Coordinador/a de ciclo.	21/12/2022	Ordenador e internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A5.2: Realizar a 2ª actividade.	Coordinador/a de ciclo	31/03/2023	Ordenador e internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A5.3: Realizar a 3ª actividade.	Coordinador/a de ciclo.	21/06/2023	Ordenador e internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A5.4: Rexistrar as actividades realizadas na Aula virtual do centro.	Coordinadora do Plan Dixital	22/06/2023	Ordenador e internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Pedagogía: implementación na aula (F)							
OBXECTIVO 6:	Usar as tecnoloxías dixitais para traballar en grupo.					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora do Plan Dixital					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Traballos grupais realizados						
Valor de partida	Non se coñece						
Valor previsto e data	Realizar tres traballos grupais por aula (un por trimestre)				22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A6.1: Realizar o 1º traballo.	Coordinador/a de ciclo.	21/12/2022	Ordenador e internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A6.2: Realizar o 2º traballo.	Coordinador/a de ciclo.	31/03/2023	Ordenador e internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A6.3: Realizar o 3º traballo.	Coordinador/a de ciclo.	21/06/2023	Ordenador e internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A6.4: Rexistrar os traballos realizados na Aula virtual do centro.	Coordinadora do Plan Dixital.	22/06/2023	Ordenador e internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora"							
OBXECTIVO 7:		Ofertar ás familias formación en competencia dixital.				Acadado	
RESPONSABLE:		Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		Tanto por cen de participación das familias na formación ofertada.					
Valor de partida		Baixa competencia dixital das familias.					
Valor previsto e data		Participación do 25% das familias.			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A7.1: Propoñer actividades de formación para as familias	Equipo de orientación.	30/09/2022	Reunións coa ANPA, OMIX e outras Institución da contorna.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A7.2: Solicitar ao Concello e ao CFR a organización de actividades de formación para as familias.	Equipo directivo.	21/12/ 2022.	Solicitud e tempo.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A7.3: Organizar cursos de formación en competencia dixital.	Equipo directivo.	22/06/2023	CFR e outras Institución da contorna.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A7.4: Realizar as actividades formativas	Coordinador/a do curso.	22/06/2023	Aula de informática con equipos informáticos e acceso a internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do plan

Encargarase da avaliación do plan o equipo das TIC.

Procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos:

Avaliación procesual: farase unha vez ao trimestre e valorarase o estado de execución das accións, analizando e valorando os resultados e facendo, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Avaliación final: farase unha vez ao ano e valorarase o logro dos obxectivos propostos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Para a difusión do plan farase:

- Envío mediante correo corporativo a compoñentes do claustro.
- Envío mediante correo electrónico a compoñentes do Consello Escolar.
- Publicación na páxina web do centro.